

RECIBO DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DA XUNTA DE GALICIA

A solicitude, escrito ou comunicación para Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado. presentada por FEDERACION GALEGA DE CAZA con NIF V15117849 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia cos seguintes datos:

NÚMERO DE ENTRADA	DATA E HORA DA PRESENTACIÓN	DESTINO
2021/2486023	21-10-2021 12:46	SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

A seguinte táboa recolle un resumo electrónico da solicitude, escrito ou comunicación presentada e, se fose o caso, un índice e un resumo electrónico da documentación que se declara achegar:

Documento achegado	Nome do arquivo	Resumo electrónico do arquivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitud	Solicitud-PR004A-20211021.pdf	DBC61CE4EE7227D09184A879C1DB56037F225B5E5CA A26F21D7885558184D925
TRASLADANDO RGTO INTERNO ELECCIÓN PTES PROV	TRASLADANDO RGTO INTERNO ELECCIÓN PTES PROV.pdf	EB24EE9797DED40C863F3DC47CD9BE42437C69FE3D2 75A3E8CD67991BDBF4C16



**AO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

En virtude do previsto no art. 5.2.f) do Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, adxunto achegamos para o seu depósito o ***Regulamento interno para a elección de presidentes/as provinciais***, así como certificación da súa aprobación pola xunta directiva da Federación Galega de Caza, en reunión celebrada o 8 de outubro de 2021.

Santiago, a 21 de outubro de 2021

O PRESIDENTE,



Asdo.: Javier Nogueira Diz

DON JOSÉ MOURE CANEDA, con N.I.F. nº 33.272.700-A, en calidade de Secretario Xeral da Federación Galega de Caza, inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia co nº F-00822, da que é Presidente Don Javier Nogueira Diz.-----

CERTIFICA:

Que na reunión de xunta directiva da Federación Galega de Caza, celebrada con data 25-6-2021, convocada polo seu presidente Don Javier Nogueira Diz, con N.I.F nº 52.500.339-X, téndose cumprido os requisitos previos de convocatoria, quórum de asistencia e maiorías establecidas nos Estatutos da entidade, **aprobose o Regulamento interno para a elección de presidentes provinciais, e acordouse o seu depósito no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.**

E para que conste ante o Rexistro de Entidades Deportivas, expide a presente certificación co visto e praxe do Presidente, en Santiago de Compostela, a vinteún de outubro de dous mil vinteún.

Vº pº

O PRESIDENTE,



Asdo.: Javier Nogueira Diz

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: José Moure Caneda



Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com

**REGULAMENTO INTERNO
PARA A ELECCIÓN
DE PRESIDENTES/AS PROVINCIAIS**

REGULAMENTO INTERNO DA FGC PARA A ELECCIÓN DE PRESIDENTES/AS PROVINCIAIS

A Federación Galega de Caza (en diante FGC), en reunión de xunta directiva celebrada en Santiago de Compostela, o 8 de outubro de 2021, aprobou o regulamento interno polo que se rexerán os procesos electorais para as eleccións de presidentes/as provinciais, despois do criterio expresado polo Comité Galego de Xustiza Deportiva en Resolución do 3-8-2018 (sobre recurso referente a eleccións de presidentes/as provinciais) na que considera que as eleccións provinciais non gardan relación cos órganos de goberno e representación da FGC senón que se trata dun órgano interno de ámbito territorial e por tanto dunha cuestión interna da FGC allea á Administración Autonómica.

1º. ACORDO DE CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS A PRESIDENTES/AS PROVINCIAIS.

O Presidente/a Provincial, trala autorización do presidente da FGC, convocará a asemblea provincial extraordinaria para acordar a convocatoria de eleccións, aprobar o calendario electoral (que deberá axustarse ao modelo anexo ao presente regulamento), e designar a xunta electoral e a mesa electoral.

A convocatoria remitirase por correo postal cunha antelación de 10 días hábiles, acompañada da orde do día, a todos os seus membros (representantes de todas as entidades deportivas federadas da provincia, e os/as deportistas, xuíces e árbitros e outros colectivos (xuventudes) membros da asemblea da FGC pola circunscrición provincial).

Na convocatoria deberá constar:

- Día e lugar de celebración da asemblea.
- Hora da primeira e segunda convocatoria (entre as que debe mediar un prazo máximo de media hora).
- Orde do día, que debe conter:
 - 1º. Acordo de convocatoria de eleccións a presidente/a provincial.
 - 2º. Aprobación do calendario electoral.
 - 3º. Transformación da xunta directiva en comisión xestora (conforme ao punto 4º seguinte).
 - 4º. Elección da xunta electoral (conforme ao establecido no apartado 5º seguinte).
 - 5º. Elección da mesa electoral (conforme ao establecido no apartado 6º seguinte).

2º. PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS.

Unha vez celebrada a asemblea e acordada a convocatoria de eleccións a presidente/a provincial, na data establecida no calendario electoral, procederase á publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios da federación provincial e na páxina web da FGC.

A publicación da convocatoria de eleccións deberá conter a seguinte documentación e información:

1. Calendario electoral, con indicación dos prazos que rexerán os diferentes actos do proceso electoral así como o lugar, data e horario de celebración da asemblea de votacións.

2. O censo electoral que estará integrado polos membros da asemblea provincial da que forman parte os representantes de todas as entidades deportivas federadas da provincia, e os/as deportistas, xuíces e árbitros e outros colectivos (xuventudes) que sexan membros da asemblea da FGC pola circunscrición provincial (art. 10 e 15 dos Estatutos da FGC).
3. O regulamento para a elección de presidentes/as provinciais.
4. A composición da xunta electoral e a súa sede, que se domiciliará nos locais da Federación Provincial, sinalando o enderezo completo, nº de teléfono, correo electrónico e horario de atención ao público.

3º. CALENDARIO ELECTORAL

O calendario electoral, que se someterá á aprobación da asemblea provincial, deberá regular todos os actos e prazos mínimos que se establecen no modelo anexo a este regulamento, é dicir:

- Data de publicación da convocatoria de eleccións.
- Prazo de publicación do censo electoral provisional.
- Prazo de reclamacións contra o censo electoral provisional.
- Prazo de resolución de reclamacións contra o censo electoral provisional.
- Prazo de publicación do censo definitivo.
- Prazo de presentación de candidaturas.
- Prazo de publicación das candidaturas aceptadas e rexeitadas.
- Prazo de impugnación contra as candidaturas publicadas.
- Prazo de resolución das impugnacións presentadas contra a publicación de candidaturas e proclamación de candidatos/as.
- Prazo de solicitude de designación de interventores/as ou apoderados/as.
- Prazo de remisión, por parte da xunta electoral, da credencial a interventores/as.
- Prazo de duración da campaña electoral.
- Data, hora e lugar da asemblea de votacións.
- Prazo de impugnacións contra as votacións e escrutinio.
- Prazo de resolución das impugnacións presentadas contra as votacións e escrutinio.
- Prazo de proclamación de presidente/a.
- Data de traspaso de poderes.
- Prazo de designación da xunta directiva provincial.

No calendario electoral indicárase así mesmo a sede da xunta electoral, os horarios que rexerán para a entrega de documentación, recursos e impugnacións, e a súa forma de presentación.

Os sábados, domingos e festivos de carácter nacional, autonómico ou municipal son inhábiles a efectos do calendario agás para a celebración de asembleas.

4º. TRANSFORMACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA EN COMISIÓN XESTORA.

- a.-) A xunta directiva da federación provincial transformárase de oficio en comisión xestora o día da publicación da convocatoria das eleccións.
- b.-) Se algún membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá cesar na mesma, antes de comezar o prazo de presentación de candidaturas.

- c.-) A comisión xestora será a encargada de administrar e xestionar a federación durante o proceso electoral, pero non poderá realizar máis actos que a mera administración e trámite.
- d.-) A comisión xestora disolverase unha vez que tome posesión o novo presidente.

5º. XUNTA ELECTORAL.

- a.-) A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes elixidos/as pola asemblea extraordinaria de convocatoria de eleccións, entre os cazadores/as federados/as da provincia.

De non existir candidatos/as a membros da xunta electoral, estes serán designados/as pola xunta executiva da FGC entre os federados/as da provincia, nos tres días seguintes á celebración da asemblea de convocatoria de eleccións.

- b.-) As persoas candidatas a membros da xunta electoral deberán reunir os seguintes requisitos no momento da súa designación:

- Ser maior de 18 anos.
- Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
- Non ter relación contractual ou profesional coa Federación, nin formar parte dos seus órganos de goberno, nin da comisión xestora, nin ostentar postos directivos na Federación Galega de Caza.
- Non presentar candidatura a presidente/a provincial. No caso de que un membro da xunta electoral, tras ser nomeado, decida presentar candidatura a presidente/a provincial deberá cesar inmediatamente no seu posto na xunta electoral e, en todo caso, antes de iniciarse o prazo de presentación de candidaturas, sendo substituído na xunta electoral polo seguinte membro suplente.
- Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que comporte sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.

- c.-) A xunta electoral constituirase nos dous días hábiles seguintes á data da publicación da convocatoria electoral. Elixíndose os cargos de presidente/a, secretario/a e vogal por e entre eles.

- d.-) A xunta electoral poderá ser asistida polos servizos administrativos da federación.

- e.-) A xunta electoral será a encargada de organizar, dirixir e controlar todo o proceso electoral, velando polo cumprimento da lexislación vixente, resolvendo en primeira instancia calquera impugnación ou reclamación, garantindo a exposición do censo, aceptando as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, publicando (no taboleiro de anuncios da sede Provincial e na páxina web da FGC) as candidaturas admitidas e excluídas, os candidatos/as proclamados/as e calquera outra documentación ou información que afecte ao proceso electoral.

Tamén é función da xunta electoral a elaboración dos impresos e documentos oficiais relativos ao proceso electoral e a custodia de toda a documentación, que quedará depositada na sede da federación provincial, ata o remate do proceso electoral.

- f.-) A sede da xunta electoral fíxase no locais da Federación Provincial. Os días hábiles e horarios que rexen para a entrega de documentación, recursos, impugnacións, etc. son os establecidos no calendario electoral.
- g.-) A presentación de calquera tipo de escrito ou documentación referente ao proceso electoral deberá realizarse de **xeito presencial**, no Rexistro Xeral da Federación Provincial, dentro dos días e horarios previstos no calendario electoral.

6º. MESA ELECTORAL.

- a.-) A mesa electoral estará formada por tres membros (presidente/a, secretario/a e vogal) e tres suplentes elixidos na asemblea de convocatoria de eleccións entre os asembleístas. Serán presidente/a e secretario/a os membros de maior e menor idade.
- b.-) Os membros da mesa electoral non poderán presentar candidatura a presidente/a provincial. No caso de que un membro da mesa, tras ser nomeado, decida presentar candidatura a presidente/a deberá cesar inmediatamente no seu posto na mesa electoral e, en todo caso, antes de iniciarse o prazo de presentación de candidaturas, sendo substituído na mesa polo seguinte suplente.
- c.-) A asistencia á mesa é obrigatoria salvo causa xustificada autorizada pola xunta electoral.
- d.-) Os membros da mesa electoral reuniranse o día das votacións, unha hora antes no local onde se celebre a asemblea, e constituirán a mesa. Os membros da mesa exercerán a presidencia e secretaría da asemblea da federación.
- e.-) Farase entrega aos membros da mesa dunhas instrucións, e informaráselle das funcións a realizar.

Son funcións dos membros da mesa:

- Recibir ás persoas interventoras, que deberán acreditarse ante mesa mediante a oportuna credencial expedida pola xunta electoral. Os interventores/as poderán participar nas deliberacións da mesa con voz pero sen voto.
- Levantar acta de constitución da mesa electoral.
- Comprobar a identidade dos votantes mediante o DNI, pasaporte ou carné de conducir, así como a posesión da licenza federativa da FGC en vigor.
- Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada ao efecto.
- Proceder ao recuento de votos.
- Levantar acta do escrutinio, na que constará, entroutros datos, o nº de votantes, nº de votos emitidos, nº de votos en branco, nº de votos nulos, e o total de votos emitidos a cada unha das candidaturas, así como todas as incidencias e reclamacións que se produzan e as resolucións da mesa ao respecto.
- As actas deberán ser subscritas por todos os membros da mesa electoral, así como polos interventores/as se os houbera, e serán remitidas o mesmo día das votacións por correo electrónico, fax ou calquera outro medio urxente á xunta electoral, debendo remitir posteriormente por correo postal, ou calquera outro medio, a acta orixinal.

- A xunta electoral publicará a acta de escrutinio no taboleiro de anuncios da Federación Provincial e na páxina web da FGC, dentro do prazo establecido no calendario electoral.
- f.-) Para axilizar as votacións, a xunta electoral porá a disposición das mesas electorais un censo dixitalizado a través do cal cada elector/a estará identificado cun número (ID) e coa páxina na que obre ese elector/a no censo de papel para a súa rápida localización. O número ID xunto co nome e apelidos do elector/a anotarase de xeito manual tamén no Rexistro de Votantes, diferenciado por Estamentos, e simultaneamente levarase un control dos votantes no censo dixitalizado que recontará automaticamente o número de electores/as que exerceron o voto.
- g.-) As votacións realizaranse en urnas pechadas e lacradas. En caso de suspensión da votación, que soamente poderá ser por causa de forza maior, e que deberá ser autorizada previamente pola xunta electoral, non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio.
- h.-) A mesa disolverase unha vez rematado o proceso electoral.

7º O CENSO.

- a.-) **Composición do Censo Electoral:** Compoñen o censo electoral os membros da asemblea provincial da que forman parte todos os representantes das entidades deportivas federadas da provincia, e os/as deportistas, xuíces e árbitros e outros colectivos (xuventudes) que sexan membros da asemblea da FGC pola circunscrición provincial (art. 10 e 15 dos Estatutos da FGC).

O censo publicárase simultaneamente coa convocatoria electoral durante o prazo que se estableza no calendario electoral (mínimo 10 días hábiles) na sede da federación provincial e na páxina web da FGC, e **será remitido pola secretaría da federación á xunta electoral dentro dos 4 días seguintes á súa publicación.** Contra o mesmo e durante o prazo da súa exposición poderán formularse reclamacións ante a xunta electoral que esta resolverá no prazo que estableza o calendario (mínimo 2 días hábiles).

Unha vez resoltos os recursos, no caso de terse presentado, ou de non existir estes, a xunta electoral elevará o censo a definitivo, contra o que non cabe impugnación.

O censo definitivo manterase exposto na sede da Federación Provincial e na páxina web da FGC ata o día votacións.

- b.-) **Electores/as:** Son electores/as nas eleccións a presidentes/as provinciais os membros da asemblea provincial indicados no apartado a) anterior.

Os electores/as poderán consultar o censo a través da páxina web da FGC tecleando o seu contrasinal, ou ben persoalmente nas oficinas da sede provincial, non podendo obter copias do mesmo nin facerlle fotografías.

Cando unha mesma persoa conste no censo como representante dunha entidade deportiva e á vez por un dos estamentos de persoas físicas, xuíz e árbitro ou deportista ou outros colectivos (xuventudes,) poderá exercer o dereito de voto en ambos os dous estamentos.

- c.-) **Candidatos/as proclamados/as:** Os datos do censo electoral estarán suxeitos á normativa vixente sobre protección de datos, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, nembargantes os/as candidatos/as proclamados/as poderán obter unha copia do censo en papel, previa firma da dilixencia de entrega coa cláusula de protección de datos, e aboamento das copias. O censo só poderá ser utilizado para os efectos do correspondente proceso electoral.

O censo que se facilite aos candidatos/as proclamados/as que así o soliciten, será en papel e levará insertado en todas as súas páxinas a marca de auga "*datos suxeitos á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*"

8º. PRESENTACIÓN ESCRITOS, RECURSOS, CANDIDATURAS E OUTROS DOCUMENTOS.

A presentación de calquera tipo de escrito ou documentación relativa ao proceso electoral, **deberá realizarse de xeito presencial, ben polo propio interesado ou ben por persoa autorizada, ante o Rexistro Xeral da Federación Provincial**, non admitíndose a presentación por correo electrónico, fax, correo postal, ou calquera outro medio de envío, todo elo co fin de evitar controversias respecto da recepción en prazo dada a cortedad dos mesmos.

9º. DOBRE REPRESENTACIÓN.

Non se permitirá que unha mesma persoa teña a representación de máis dunha entidade deportiva. Polo tanto unha mesma persoa non poderá votar en representación de máis dunha sociedade; neste caso, para poder exercer o voto, necesariamente o presidente deberá delegar o exercicio do mesmo noutro membro da xunta directiva.

10º. APODERADOS/AS E INTERVENTORES/AS.

Cada candidato/a poderá exercer de apoderado/a ou designar interventores/as ante a mesa electoral, podendo facer constar na acta calquera reclamación ou anomalía que considere oportuno. As persoas interventoras deberán ser maiores de idade, ter a condición de electores/as e contar con autorización expresa da xunta electoral. Os apoderados/as non formarán parte da mesa nin dos seus debates. Os interventores/as poderán participar nas deliberacións da mesa con voz pero sen voto así como solicitar certificacións e formular protestas.

Os/as candidatos/as deberán identificar aos interventores/as ante a xunta electoral no prazo que se estableza no calendario electoral. A xunta electoral expedirá a correspondente credencial e remitirla aos candidatos/as no período establecido no calendario.

A Federación Galega de Caza poderá designar, entre a súa xunta directiva, a observadores/as nas mesas electorais coa función de comprobar o desenvolvemento das votacións, debendo emitir un informe do observado durante a xornada das votacións.

11º. SOBRES E PAPELETAS.

- a.-) A xunta electoral será a encargada da elaboración dos sobres e papeletas que porá a disposición da mesa electoral en cantidade suficiente e facilitaralle un modelo normalizado dos sobres e papeletas aos candidatos/as que o soliciten, advertíndolle que non poderán alterar nin a súa forma, nin a súa cor, nin o seu contido.

- b.-) A solicitude formularase de xeito presencial, persoalmente ou mediante apoderamento, ante o Rexistro Xeral da Federación Provincial correspondente, debendo dársele rexistro de entrada á petición. Recibida a solicitude e comprobado que o solicitante é un candidato/a proclamado/a entregaráselle o modelo oficial e facilitaráselle o número de teléfono da imprenta, ou porase á súa disposición esta documentación na sede provincial.
- c.-) Non se poderán utilizar os medios federativos para elaborar, deseñar ou publicar propaganda electoral dos candidatos.

12º. REQUISITOS PARA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.

- a.-) Poderá presentar candidatura a presidente/a provincial calquera persoa física que ostente a condición de federado/a. A persoa que resulte elixida como presidente/a non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa, e non se poderá simultanear a presidencia dun club deportivo coa presidencia da federación deportiva na que se integre o dito club.

No momento da presentación da candidatura, os/as candidatos/as deberán comprometerse a garantir a confidencialidade dos datos aos que teñan acceso no caso de ser proclamados candidatos/as.

A presentación de candidaturas a presidente/a provincial deberá realizarse dentro do prazo que estableza o calendario electoral, debendo reunir os/as candidatos/as os seguintes requisitos no momento da súa presentación:

- Ser maior de idade.
 - Estar en pleno uso dos seus dereitos civís.
 - Non estar inhabilitado para ocupar cargos directivos.
 - Ter a condición política de galego nos termos establecidos no art. 3.1 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril.
 - Estar en posesión da licenza federativa da FGC en vigor, pola provincia, cun ano de antigüidade á data de publicación da convocatoria electoral.
 - Presentar a candidatura conforme ao modelo federativo que facilitará ao efecto a xunta electoral co aval do 10% dos membros da asemblea xeral.
- b.-) A presentación de candidaturas deberá facerse de xeito **presencial**, persoalmente ou a través de apoderamento conforme aos modelos federativos, ante o Rexistro Xeral da Federación Provincial, dentro dos días e horarios previstos no calendario electoral.
- c.-) Seguiranse as seguintes instrucións para recepcionar as candidaturas:
- Acreditación do/a candidato/a mediante DNI, ou no seu defecto mediante carné de conducir ou pasaporte.
 - Comprobar que a candidatura que se presenta se corresponde exactamente coa persoa que se acreditou. Se non fora a mesma persoa, deberá aportarse un poder polo que o/a candidato/a autoriza a presentar a súa candidatura á persoa acreditada. Neste caso, ademais do apoderamento é necesario a presentación da copia do DNI tanto do/a candidato/a como do/a apoderado/a.

- Unha vez verificado que todo está correcto daráselle rexistro de entrada á candidatura, e tamén ao apoderamento, no caso de que a candidatura a presente un terceiro.
- A candidatura orixinal e a copia do DNI do/a candidato/a (xunto coa copia do apoderamento e fotocopia do DNI do apoderado/a, no caso de presentación a través dun terceiro) quedará en poder da xunta electoral, devolvéndolle copia co rexistro de entrada á persoa candidata ou apoderada que presentou a documentación.
- A aquelas candidaturas presentadas a través dun terceiro, que non aporten copia do apoderamento ou do DNI do/a candidato/a ou do apoderado/a, advertiráselle que é necesario presentar as candidaturas de forma persoal ou con apoderamento. Requiríndolle, se fora necesario, no mesmo momento a documentación que falta, que deberá aportarse dentro do prazo de presentación de candidaturas que figure no calendario.

13º. REQUISITOS PARA EXERCER O VOTO.

- a.-) Non se admite o voto por correo nin cabe a representación de persoas físicas.
- b.-) Os requisitos esixidos para poder exercer o dereito de voto nas eleccións a presidentes/as provinciais, son os seguintes:
 - **Deportistas, xuíces e árbitros ou outros colectivos (xuventudes):**
 1. Figurar no censo.
 2. Acreditar ante a Mesa a súa identidade, exhibindo o documento orixinal do DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, ou permiso de conducir con fotografía do titular.
 3. Exhibir o documento orixinal da Licenza Federativa da FGC en vigor, ou certificado ou duplicado da mesma expedido pola Federación Galega de Caza.
 - **Entidades Deportivas:**
 1. Que a sociedade ou club figure no censo.
 2. Acreditar a identidade do elector/a que representa a entidade, exhibindo o seu documento orixinal do DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, ou permiso de conducir con fotografía do titular.
 3. Exhibir o documento orixinal da Licenza Federativa da FGC en vigor, **do representante e da entidade deportiva**, ou certificado ou duplicado das mesmas expedido pola Federación Galega de Caza (a posesión da licenza federativa da entidade deportiva será suficiente para acreditar a representación da mesma).

14º. VOTACIÓNS E ESCRUTINIO.

- a.-) A elección do/a presidente/a provincial realizarase en asemblea xeral extraordinaria convocada no calendario electoral, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral.

En primeira convocatoria será necesaria a presenza, no momento de iniciarse a elección, de alomenos a metade máis un dos membros da asemblea. En segunda convocatoria procederase á elección con calquera que sexa o número de asistentes.

- b.-) O voto dos membros da asemblea provincial será único, non admitíndose o voto por correo nin a delegación de voto.
- c.-) Unha vez constituída a mesa electoral, e antes de proceder á votación, o/a presidente/a da mesa presentará aos candidatos/as, que disporán de 15 minutos para expoñer o seu programa electoral. A continuación o/a presidente/a da mesa anunciará o inicio das votacións.
- d.-) Rematadas as votacións iniciárase o escrutinio de votos, podendo ser presenciado por aquelas persoas que estean dentro do local nese momento.
- e.-) Consideraranse votos en branco aqueles sobres que conteñan unha papeleta en branco (sen marcar ningunha candidatura), un folio en branco, ou sobres baleiros. E consideraranse votos nulos, aquelas papeletas que conteñan marcados máis candidatos/as dos establecidos, aquelas que non se axusten ao formato oficial, e aquelas que conteñan calquera tipo de inscrición, anotación, emendas, tachaduras, etc.
- f.-) O proceso de votación estará formado por un máximo de tres votacións **no caso de presentarse máis de dúas (2) candidaturas**.
1. Será elixido presidente/a en primeira votación a candidatura que obteña a **maioría absoluta dos votos**.
 2. De non acadar a maioría absoluta dos votos ningunha das candidaturas, pasarán á segunda volta aquelas que obtiveran o 10% dos votos na primeira votación.

Se ningunha candidatura obtivese o 10 % dos votos pasarán á segunda votación as dúas candidaturas que contén con maior número de votos.

No suposto de que soamente unha candidatura obteña o 10 % dos votos pasará tamén á segunda votación a seguinte candidatura en número de votos. **Será elixido presidente/a o/a candidato/a que obteña a maioría absoluta de votos**.
 3. De non acadarse a maioría absoluta na segunda votación, pasaríase a unha terceira votación entre as dúas candidaturas máis votadas na segunda, **sendo proclamada a candidatura que obtivera a maioría de votos**. En caso de empate resolverase a favor do/a candidato/a que teña maior antigüidade como federado/a, e de persistir este a favor do de maior idade.
- g.-) **No caso de que existiran soamente dúas (2) candidaturas, resultará elixido Presidente/a Provincial quen obteña a maioría simple de votos na primeira votación**. No caso de empate procederase a unha nova votación, e de persistir este será proclamada a candidatura que teña maior antigüidade como federado/a.
- h.-) **No suposto de que se presentara unha (1) soa candidatura non se efectuará votación**, sendo proclamado/a presidente/a provincial pola xunta electoral a única candidatura presentada, publicándose no taboleiro de anuncios da Federación Provincial e na páxina web da FGC.
- i.-) Unha vez rematado o proceso de eleccións, a xunta electoral trasladará o resultado ao Presidente da FGC **para o seu nomeamento como Delegado/Presidente Provincial, e unha vez nomeado pasará a formar parte da xunta directiva da FGC**.

j.-) O/a novo/a presidente/a provincial deberá cesar en todas as actividades técnicas e directivas que ostente na FGC.

k.-) O recuento de votos efectuarase do xeito seguinte:

- O/a presidente/a da mesa irá anunciando en voz alta cada unha das candidaturas que obtiveron voto.
- Un membro da mesa irá anotando no Rexistro manual.
- Ao mesmo tempo anotarase no Rexistro informático, que permitirá o recuento automático do número de votos emitidos a cada unha das candidaturas, que deberá concordar fielmente co rexistro manual.
- Os sobres e as papeletas emitidas, así como os votos en branco e os votos nulos remitiranse coa Acta de Escrutinio á xunta electoral.

l.-) Unha vez rematado o recuento de votos, o presidente/a da mesa anunciará en voz alta o resultado (número de votantes, votos válidos, nulos, en branco e votos obtidos por cada unha das candidaturas), e a continuación os membros da mesa e os interventores/as acreditados asinarán a acta de escrutinio, que remitirán seguidamente por correo electrónico ou fax á xunta electoral, debendo facerse constar na mesma ademais do resultado do escrutinio calquera reclamación, impugnación ou incidencia que ocorrese no decurso da xornada electoral. A mesa electoral facilitará copia da acta a calquera interventor/a ou apoderado/a que así o solicite.

A xunta electoral publicará ese mesmo día as Actas de Escrutinio, tanto na páxina web da FGC como no taboleiro de anuncios da Federación Provincial.

O presente regulamento, foi aprobado pola Xunta Directiva da FGC, en reunión celebrada en Santiago de Compostela, o 8 de outubro de 2021.

O PRESIDENTE,



Asdo.: Javier Nogueira Diz

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: José Moure Caneda

ANEXO

CALENDARIO ELECTORAL

PAZOS	PERÍODO EN DÍAS	TRÁMITE
10 días hábiles de antelación á celebración da asemblea.		Convocatoria da asemblea xeral extraordinaria.
10 días hábiles despois de enviar a convocatoria.		Celebración da asemblea de convocatoria eleccións.
Os documentos que compoñen a convocatoria de eleccións manteranse expostos ata a celebración das votacións agás o censo provisional que estará exposto durante un mínimo de 10 días hábiles, e unha vez que a xunta electoral aprobe o censo definitivo este permanecerá exposto ata a celebración de votacións.		PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DA FEDERACIÓN PROVINCIAL (FP) E NA PÁXINA WEB DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA (FGC): 1. Publicación do calendario electoral. 2. Publicación do regulamento interno de eleccións dos presidentes/as provinciais. 3. Publicación da composición da xunta electoral PROVINCIAL. 4. Publicación do censo electoral provisional.
10 días hábiles que coincidirán coa exposición do censo provisional.		Prazo de presentación de reclamacións, ante a xunta electoral PROVINCIAL, contra o censo electoral provisional.
2 días hábiles desde a publicación da convocatoria.		Constitución da xunta electoral PROVINCIAL.
4 días hábiles desde a publicación do censo electoral provisional.		Remisión, por parte da secretaría da FP, do censo electoral provisional á xunta electoral PROVINCIAL.
2 días hábiles desde fin de prazo de presentación de reclamacións contra o censo.		1. Resolución, pola xunta electoral PROVINCIAL, das reclamacións presentadas contra o censo provisional. 2. Publicación do censo definitivo no taboleiros de anuncios da FP e na páxina web da FGC.
2 días hábiles desde a publicación do censo definitivo pola XE Provincial.		Presentación de reclamacións, ante a xunta electoral GALEGA, contra a publicación do censo definitivo.
2 días hábiles desde fin de prazo de presentación de reclamacións contra a publicación do censo definitivo.		Resolución, pola xunta electoral GALEGA, das reclamacións presentadas contra a publicación do censo definitivo.
5 días hábiles desde a publicación do censo definitivo, ou resolución de reclamacións pola XE Galega.		Presentación, ante a xunta electoral PROVINCIAL, de candidaturas a presidente/a Provincial.
2 días hábiles desde fin de prazo de presentación de candidaturas.		Publicación, pola xunta electoral PROVINCIAL, da lista provisional de candidaturas aceptadas e rexeitadas, no taboleiro de anuncios da FP e na páxina web FGC.
3 días hábiles desde a publicación da lista provisional de candidaturas.		Prazo de presentación, ante a xunta electoral PROVINCIAL, de reclamacións contra a publicación de candidaturas.
2 días hábiles desde fin de prazo de reclamacións contra a publicación de candidaturas.		1. Resolución, pola xunta electoral PROVINCIAL, das reclamacións presentadas contra a publicación das candidaturas. 2. Proclamación, pola xunta electoral PROVINCIAL, de candidatos/as a Presidente/a Provincial, no taboleiro anuncios FP e na páxina web FGC.
2 días hábiles desde resolución de reclamacións contra a publicación de candidaturas pola XE Provincial.		Presentación, ante a xunta electoral GALEGA, de impugnacións contra a proclamación de candidatos/as.

PRAZOS	PERÍODO EN DÍAS	TRÁMITE
2 días hábiles desde fin de prazo de impugnación de candidaturas.		Resolución, pola xunta electoral GALEGA, das impugnacións presentadas contra a proclamación de candidatos/as.
Desde a data de proclamación de candidatos/as ata 5 días antes da celebración das votacións.		Presentación, ante a xunta electoral PROVINCIAL, de designación de interventores/as.
Desde a data de proclamación de candidatos/as ata mínimo 3 días antes da celebración das votacións.		Remisión, por parte da xunta electoral PROVINCIAL, das acreditacións aos interventores/as.
Desde as 00:00 horas do día seguinte á proclamación de candidatos/as ata as 00:00 horas do día inmediatamente anterior ás votacións.		Campaña Electoral a Presidente/a Provincial.
		ASEMBLEA DE VOTACIÓNS para a elección de Presidente/a Provincial. Lugar de celebración: Horarios: 1ª convocatoria h, 2ª convocatoria h 1º. Constitución da mesa electoral. 2º. Presentación polos candidatos/as dos seus programas electorais (15'). 3º. Reconto de asembleístas. 4º. Votacións. Ás horas iniciaranse as votacións e pecharase o acceso ao local das votacións.
O mesmo día das votacións.		Exposición do resultado das votacións.
3 días hábiles desde a exposición do resultado das votacións.		Presentación, ante a xunta electoral PROVINCIAL, de reclamacións contra as votacións e escrutinio.
2 días hábiles desde fin de prazo de reclamacións contra as votacións.		1. Resolución, pola xunta electoral PROVINCIAL, das reclamacións presentadas contra as votacións e escrutinio. 2. Proclamación do Presidente/a Provincial, no taboleiro de anuncios da FP e na páxina web FGC.
2 días hábiles desde a resolución das reclamacións contra as votacións pola XE Provincial.		Presentación, ante a xunta electoral GALEGA, de impugnacións contra as votacións e escrutinio.
2 días hábiles desde fin de prazo de impugnacións do resultado das votacións.		Resolución, pola xunta electoral GALEGA, das impugnacións presentadas contra as votacións e escrutinio.
Ao día seguinte hábil.		1. Toma de posesión do/a Presidente/a Provincial. 2. Traspaso de poderes.
Máximo 20 días naturais despois da toma de posesión do Presidente Provincial.		Designación, por parte do/a presidente/a Provincial, da xunta directiva Provincial.

A SEDE DA XUNTA ELECTORAL FÍXASE NOS LOCAIS DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA EN
RÚA nº piso tlfno Email

OS DÍAS E HORARIOS HÁBILES QUE REXEN PARA A ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN, RECURSOS, IMPUGNACIÓNS, ETC., SON OS SEGUINTE:

De Luns a Xoves: De a horas, e de a horas.

Venres: De a horas.

Os sábados, domingos e festivos de carácter nacional, autonómico ou local son inhábiles.

A PRESENTACIÓN DE CALQUERA TIPO DE ESCRITO OU DOCUMENTACIÓN REFERENTE AO PROCESO ELECTORAL DEBERÁ FACERSE DE XEITO PRESENCIAL NO REXISTRO XERAL DA FEDERACIÓN PROVINCIAL, DENTRO DOS HORARIOS ANTERIORMENTE SINALADOS.